

**PRESENTACIÓN DO TEMA.
OS INSTITUTOS DE CIENCIAS DA EDUCACIÓN. INVESTIGACIÓN,
INNOVACIÓN E FORMACIÓN DENDE A SÚA CREACIÓN
ATA A ACTUALIDADE**

Ana Mª Porto Castro

Universidade de Santiago de Compostela

anamaria.porto@usc.es

Os primeiros Institutos de Ciencias da Educación, entre os que se atopa o da Universidade de Santiago de Compostela, nacen ao abeiro do Decreto 1678/1969, de 24 de xullo como órganos encargados da formación pedagóxica dos/as universitarios/as, da investigación nas ciencias da educación e para realizar servizos de asesoramento técnico de carácter educativo.

Posteriormente, a *Ley 14/1970, de 4 de agosto, General de Educación y Financiamiento de la Reforma Educativa*, no seu artigo 73, encarga a estes institutos “la formación docente de los universitarios que se incorporen a la enseñanza en todos los niveles”.

No ano 1971, a *Orden de 14 de julio* centra as actividades dos Institutos de Ciencias da Educación, entre outras, na obtención do Certificado de Aptitude Pedagóxica (CAP) para o exercicio da docencia nos distintos niveis educativos.

Na *Orden del 8 de julio de 1971* faise referencia, por primeira vez, ás características que deben ter as accións que capaciten pedagoxicamente os/as universitarios/as que se integran á docencia. Tal e como indica a propia normativa, o ICE de cada universidade, en base ao marco mínimo de referencia, terá a súa propia autonomía para organizar a formación pedagóxica dos/as futuros/as docentes.

As funcións encomendadas a estes institutos foron, como vemos, complexas e diversas desde os momentos iniciais da súa creación e, en moitos casos, tiveron que realizarse con escasos recursos humanos, materiais e económicos. Nembargantes, tense que recoñecer o importante labor dos Institutos de Ciencias da Educación en relación coa formación pedagóxica inicial e permanente do profesorado dos distintos niveis educativos, e as numerosas e relevantes contribucións de investigación que dende eles se teñen feito cara a mellora da educación.

O caso do Instituto de Ciencias da Educación da Universidade de Santiago de Compostela, que me cabe a honra de dirixir na actualidade, non é unha excepción a estas cuestións, aínda que coas particularidades propias do contexto no que estaba e está inserido. Durante os 46 anos da súa existencia foi desenvolvendo as funcións asignadas ós ICEs e, a partir do ano 2010, pasa a constituírse como Instituto propio, como centro de investigación, formación, asesoramento, especialización, aplicación e divulgación no eido educativo e cuxos fins son: promover, impulsar e desenvolver a investigación en Ciencias da Educación con especial atención á realidade educativa en Galicia;

realizar actividades formativas relacionadas coa innovación e investigación educativa, tarefas de avaliación, cursos monográficos ou de especialización ou posgrao, impartir conferencias e organizar seminarios, congresos, xornadas, premios, etc., dentro do marco xeral das accións formativas e investigadoras da Universidade de Santiago de Compostela; publicar e difundir os resultados das investigacións realizadas, publicar traballos de divulgación e prestar asesoramento técnico no marco das súas competencias.

Aprovéitase que a revista *Innovación Educativa* cumpre 25 anos de existencia, para dedicar o presente número ós Institutos de Ciencias da Educación, co ánimo de dar a coñecer e poñer en valor as actividades que neles se levan feito dende a súa creación e tamén de estimular a reflexión sobre o seu papel e importancia na formación pedagóxica do profesorado e na investigación en educación en perspectiva actual e de futuro.

Para iso contamos con tres contribucións que pertencen ao ICE doutras tantas universidades xunto con outras oito que recollen as voces dalgúns dos directores do ICE da Universidade de Santiago de Compostela no percorrer da súa existencia.

No traballo titulado *El ICE de la Universidad de Zaragoza, un centro para la mejora de su profesorado y su universidad*, Ana Rosa Abadía Valle, directora deste instituto, presenta a evolución do mesmo, dende a súa creación no ano 1970, ata a súa configuración no ano 2007, como Instituto de Ciencias da Educación para a formación e o asesoramento docente do profesorado universitario.

En *Programa Tei "Tutoría entre Iguales"*, Andrés González Bellido presenta o programa Tei, unha estratexia educativa para a convivencia escolar, deseñada como unha medida práctica contra a violencia e o acoso escolar. O desenvolvemento e actualización deste programa faise a partires dos Grupos de Traballo e Investigación dos Institutos de Ciencias da Educación das Universidades de Barcelona e Santiago de Compostela e a súa avaliación desde a Universidade de Alacante.

Pola súa parte, o traballo titulado *Instituto de Ciencias de la Educación de la Universidad de Alicante: Una apuesta por el trabajo colaborativo* de Salvador Grau Company, José Daniel Álvarez Teruel e M^a Teresa Tortosa Ybáñez, presenta detalladamente os tres programas que o ICE desta Universidade, xunto co *Vicerrectorado de Estudios, Formación y Calidad* xestiona e coordina: o *Programa de Redes de Investigación en Docencia Universitaria (Redes, Xarxes)*, o *Programa de Acción Tutorial (PAT)* e o *Programa de Formación Docente para el Personal Docente e Investigador (Formación PDI)*.

A continuación, no artigo dun dos primeiros directores do ICE da USC, Julio Casado Linarejo, titulado *Los primeros años del Instituto de Ciencias de la Educación de la Universidad de Santiago de Compostela*, recóllense e descríbense os primeiros anos de funcionamento do ICE da Universidade de Santiago de Compostela, detallando as tarefas de formación e perfeccionamento, investigación e orientación educativa prestadas ó profesorado do Distrito Universitario de Santiago, naquel momento único en Galicia.

A seguinte contribución doutro dos ex directores do ICE da USC, Luís Martín Sobrado Fernández, leva por título *El ICE de Santiago y la Renovación Pedagógica (1980-1986)*, e deixa constancia do papel deste instituto no período dos seis anos que abrangue a súa dirección. Dende

unha ollada crítica e reflexiva, o autor expón as múltiples actividades de formación, asesoramento e investigación educativa realizadas nesta etapa como responsable do instituto, e mesmo as carencias observadas no seu funcionamento, debidas á variedade e complexidade das funcións que tiña asinadas dende a súa orixe.

Co artigo *O Instituto de Ciencias da Educación (ICE) da Universidade de Santiago de Compostela (Cursos 1991-92 a 1993-94). Arelas, propósitos, realidades e consecucións*, o seu autor, Antón Costa Rico, ofrécenos o relato do seu paso pola dirección do ICE da USC entre os anos 1991 a 1994, describindo, non só o contexto no que se insire a súa andaina neste instituto, senón tamén as tarefas de formación e asesoramento docente realizadas, as publicacións e o perfil de actuación investigadora, en liña de continuidade co que se viña realizando no ICE da USC en anos anteriores.

En *Construíndo a perspectiva dun Instituto de Investigación Educativa para Galicia*, Miguel Anxo Santos Rego describe os obxectivos e o plan estratéxico proposto durante o período que foi director do ICE da USC, entre 1998 e 2006, no que se realizaron numerosas actividades, entre as que cabe salientar: a convocatoria de axudas para proxectos de investigación dirixidos a toda a comunidade universitaria; premios á innovación educativa; cursos de verán; estudos sobre o estado do sistema educativo na Comunidade Autónoma, sobre a Investigación Educativa en Galicia (1989-2001)... Asemade, neste traballo, e cun ollar crítico, o autor plantea a transformación do ICE nun Instituto de investigación educativa en Galicia e para Galicia, que se ocupe da continua mellora da calidade da educación.

O traballo titulado *El ICE de la Universidad de Santiago 2006-2010: investigación y formación*, de José Cajide Val, director do ICE da USC no período 2006-2010, propónse tres obxectivos: por unha banda, situar o papel do ICE da Universidade de Santiago de Compostela no contexto do financiamento, da investigación e da formación; por outra banda, dar conta dalgunha das achegas que este instituto ten feito á comunidade na que se insire, en relación coa formación e a investigación durante a etapa de 2006 a 2010; e, por último, extraer algunhas conclusións e reflexións en perspectiva de futuro.

En *Os últimos anos da formación do profesorado de Secundaria no Instituto de Ciencias da Educación da Universidade de Santiago de Compostela*, M^a Josefa Mosteiro García e Ana M^a Porto Castro, actuais secretaria e directora, respectivamente, do ICE da USC, tentan facer visible unha parte da historia deste instituto, ofrecendo unha panorámica de como estaba configurada a formación inicial do profesorado de secundaria entre os cursos académicos 2006-07 a 2008-09, momento no que se extingue o Curso de Aptitude Pedagóxica e se pon en marcha o actual Máster en Profesorado de Educación Secundaria, Obrigatoria e Bacharelato, Formación Profesional e Ensino de Idiomas.

De seguido, Anxo Serafín Porto Ucha, profesor da Universidade de Santiago de Compostela e Raquel Vázquez Ramil, profesora da Universidade de Vigo, presentan o artigo *A formación inicial do profesorado de educación secundaria no Instituto de Ciencias da Educación (ICE) da Universidade de Santiago de Compostela: antecedentes e evolución*, un percorrido analítico polos case corenta anos nos que o ICE da Universidade de Santiago de Compostela, foi responsable da formación pedagóxica do profesorado de Educación Secundaria, amosando a estrutura interna e externa, as infraestruturas, recursos e financiamento, modalidades de formación postas en marcha

e os datos referidos ao curso para a formación pedagóxica dos futuros profesores e profesoras de educación secundaria.

Pecha esta sección temática *o traballo Aportaciones en “Innovación Educativa” (ISSN-1130-8656, 1990-2014, Números 0 a 24) a la implantación curricular de los temas transversales (convivencia y salud)*, unha viaxe polos contidos tratados nos 25 anos de edición da revista de Innovación Educativa sobre os temas transversais, no que o seu autor, Carlos Rosales López, director honorífico da revista Innovación Educativa, pon de manifesto a importante contribución desta revista para a difusión, reflexión e investigación sobre estes temas desde o número 0 ata o actual, facendo referencia específica as súas achegas no referente á educación para a convivencia e á educación para a saúde.

Antes de rematar estas liñas gustaríame expresar o meu máis sincero recoñecemento e gratitude á inestimable tarefa desenvolta polas persoas que tiveron a amabilidade de acompañarnos neste Monográfico.